



Concello de Arbo

Expediente Gestiona: 11/2024

Procedemento: Contratación do “**SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL**”, tras concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan + Provincia 2024: Liña 1: Investimentos.

Importe do orzamento base de licitación do contrato de subministro: 51.425,00 € (IVE incluído do 21% que ascende a 8.925,00 €)

-RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: RECTIFICACIÓN ERRO NOS PREGOS QUE REXEN A LICITACIÓN DO “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL”-

Á vista da convocatoria de axudas, do Plan + Provincia 2024, en concreto, na *Liña 1: Investimentos*, da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra publicada no BOPPO nº 2 de 3 de xaneiro de 2024, por Resolución da Alcaldía nº 150/2024 de data 20.03.2024 resólvese aprobar a memoria técnica avaliada para o “**SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL**” cun **orzamento total de 52.877,00 € (IVE 21% incluído)**, redactada en marzo de 2024 pola arquitecta Mónica Parada Vázquez, e asinada dixitalmente o 15/03/2024,coa seguinte distribución: **Orzamento de execución por contrata do subministro e instalación: 51.425,00 € (IVE 21% incluído) *Honorarios de redacción da memoria técnica avaliada: 1.452,00 € (IVE 21% incluído); e, solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención polo 100% da referida actuación denominada “Subministro e Instalación de equipamento de Salón Social e Cociña para centro social”, cun orzamento total de 52.877,00 € (IVE 21% incluído).*

Por Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra de data 16 de abril de 2024, segundo notificación recibida o día 17/04/2024 (R.E. 992), no marco das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, dentro da liña 1: Investimentos, concédese ao Concello de Arbo unha subvención por importe de 52.877,00 € para o financiamento do investimento denominado “*Subministro e Instalación de Equipamento de Salón e Cociña para Centro Social*”, cun orzamento total de 52.877,00 € (IVE 21% incluído)

O obxecto do contrato é o “**SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL**”.

A referida actuación configúrase como contrato mixto (instalación e subministro), resultalle de aplicación para a preparación e adxudicación do mesmo as normas e réxime do contrato de subministro, ao abeiro do artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O motivo da contratación é a dotación de equipamento para o Centro Social de Arbo coas especificacións técnicas mínimas (materiais, dimensións, etc) fixadas na Memoria técnica redactada en marzo de 2024 e asinada dixitalmente en data 15.03.2024 pola arquitecta Mónica Parada Vázquez, e para os seguintes espazos:

- Zona de barra, no salón social
- Zona de cocina, no local anexo e de acceso directo ao salón social.





Concello de Arbo

O importe do contrato ascende á cantidade de 51.425,00 € (IVE 21% incluído que ascende a 8.925,00 €.-

Vista a Resolución de Alcaldía nº 220/2024 de 03.05.2024 pola que se inicia o procedemento de contratación do subministro indicado, así como a memoria da alcaldía da mesma data na que se motiva a necesidade e idoneidade do obxecto do contrato (artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014).

Vista a memoria de Alcaldía e informe de necesidade da contratación, coa Proposta sobre o procedemento de adxudicación (art. 131 LCSP) a seguir de data 03.05.2024: Procedemento aberto, en trámite ordinario, con varios criterios de adxudicación; e informe de 07.05.2024 da Arquitecta Dona Mónica Parada Vázquez, no que como redactora da memoria técnica de dito subministro, xustifica a non división en lotes para a licitación (art. 99.3 da LCSP)

Examinada a memoria técnica redacta en marzo de 2024 e asinada dixitalmente o 15.03.2024 pola Arquitecta Dona Mónica Parada Vázquez.

Examinado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas particulares.

Examinados os documentos incluídos no expediente de contratación, e vistos os informes da Secretaría-Intervención de 06.05.2024 e 08.05.2024, de acordo coa D.A. 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, **pola Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, en sesión de 29.05.2024 acordouse:**

“PRIMEIRO.- Prestar a aprobación ao informe de insuficiencia de medios de data 08.05.2024, así como memoria técnica redacta en marzo de 2024 e asinada dixitalmente o 15.03.2024 pola Arquitecta Dona Mónica Parada Vázquez.

SEGUNDO.-Tendo en conta que o obxecto do presente contrato inclúe prestacións propias de distintos contratos (obras de instalación e subministros de mobiliario e equipamento diverso) configúrase como un contrato mixto, e en virtude do disposto no artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, 34.2 e 122.2, sendo as normas aplicables para a súa preparación e adxudicación as do subministro.

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de contratación completo, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do contrato, para a contratación do “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL”, financiado en virtude de Resolución Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra de data 16.04.2024 ditada ao abeiro do Plan + Provincia 2024: Liña 1: Inversións.

TERCEIRO.- Incorporar ao expediente e aprobar a memoria técnica asinada dixitalmente o 15.03.2024 pola Arquitecta Dª Mónica Parada Vázquez, na que se describen as características técnicas mínimas esenciais dos elementos de mobiliario e equipamento a subministrar para as dependencias do edificio municipal, e pola que se rexerá a presente adxudicación do contrato.





Concello de Arbo

CUARTO.- Aprobar o gasto no importe de 51.425,00 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.925,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 231.625 do orzamento prorrogado cara o exercicio 2024.

QUINTO.- Licitar o contrato a través da Plataforma de Contratación do Estado a través de procedemento aberto, en trámite ordinario, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación), fixándose como prazo para presentación de propostas: 15 DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación na PLATAFORMA DE LICITACIÓN DO ESTADO.”

O anuncio de licitación cos pregos publícase no perfil do contratante do Concello de Arbo aloxado na plataforma de contratación do sector público o día 31/05/2024, rematando o prazo de presentación de ofertas o próximo 17/06/2024 ás 23:59 horas.

Posteriormente, advírtese a existencia dun erro no informe de melloras a valorar da arquitecta redactora da memoria técnica avaliado do subministro, emitido o 07.05.2024, en concreto, onde pon:

2. AUMENTO DO PRAZO DE GARANTIA COMERCIAL (12 puntos)

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 6 puntos.

Debería poñer:

2. AUMENTO DO PRAZO DE GARANTIA COMERCIAL (12 puntos)

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 12 puntos.

Con data 10.06.2024 remítese pola arquitecta o informe de melloras a valorar corrixido.

En base a elo, e consecuentemente, dito erro tamén consta:

*No prego de cláusulas administrativas particulares publicado xunto co anuncio de licitación o día 31/05/2024, xa que na cláusula **XIV.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, BAIAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS E DESEMPATES, onde di:**

2. -Aumento do prazo de garantía: Ata 12 puntos.

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 6 puntos.

Debería dicir:

2. -Aumento do prazo de garantía: Ata 12 puntos.

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 12 puntos.





Concello de Arbo

*No prego de prescricións técnicas particulares publicado xunto co anuncio de licitación o día 31/05/2024, xa que na cláusula 7. **CRITERIOS DE VALORACION, onde di:**

2. -Aumento do prazo de garantía: Ata 12 puntos.

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 6 puntos.

Debería dicir:

2. -Aumento do prazo de garantía: Ata 12 puntos.

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 12 puntos.

Tendo en conta que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que “as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia os interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Á vista dos antecedentes, en uso das facultades que me outorga a DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Proceder a rectificar o erro existente nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que reñen á licitación do “SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL” cun orzamento total de 52.877,00 € (IVE 21% incluído), aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 29.05.2024 e publicados o 31.05.2024 no perfil do contratante do Concello de Arbo aloxado na plataforma de contratación do sector público, xunto co anuncio de licitación, no seguinte senso:

*No prego de cláusulas administrativas particulares, publicado xunto co anuncio de licitación o 31/05/2024, na cláusula **XIV.-CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, BAIXAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS E DESEMPATES, onde di:**

2. -Aumento do prazo de garantía: Ata 12 puntos.

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 6 puntos.

Debe dicir:

2. -Aumento do prazo de garantía: Ata 12 puntos.





Concello de Arbo

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 12 puntos.

*No prego de prescricións técnicas particulares, publicado xunto co anuncio de licitación o día 31/05/2024, na cláusula **7. CRITERIOS DE VALORACION, onde di:**

2. -Aumento do prazo de garantía: Ata 12 puntos.

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 6 puntos.

Debe dicir:

2. -Aumento do prazo de garantía: Ata 12 puntos.

½ punto por cada mes adicional de garantía, ata un máximo de 24 meses, e polo tanto ata un máximo de 12 puntos.

SEGUNDO.- Publicar, de novo, no perfil do contratante do Concello de Arbo aloxado na plataforma de contratación do sector público, os pregos rectificadados, e, proceder á apertura dun novo prazo de 15 días naturais para a presentación de propostas.

TERCEITO.- Publicar, igualmente, o informe da arquitecta redactora da memoria técnica avaliada desta licitación emitido o 10.06.2024 en corrección do erro existente no anteriormente emitido o 07.05.2024.

Mándaa e asínaa o Sr. Alcalde, en Arbo, do que eu, como Secretaria, dou fe.

O Alcalde. Horacio Gil Expósito. *Sinatura dixital á marxe*

A Secretaria fedataria, Patricia Hernández Estévez. *Sinatura dixital á marxe.*

